

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Angel Rivas González

Invitados:

D^a. Olgal Alonso Suárez

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e quince minutos do día vinte e nove de xullo de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(829).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

Ratifícase a urxencia por todos os presentes.

2(830).- PROXECTOS DE “OBRAS E REFORMA DE CUBERTA DA GRADA DE RÍO E CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL NO ESTADIO DE BALAIÓDOS” FASE 1 E FASE 2. EXPTE. 2670/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Intervención Xeral Municipal e o informe técnico da oficina de Obras e Proxectos Municipais da XMU de datas 28 e 29 de xullo de 2014, respectivamente, dáse conta do informe proposta do

22 de xullo de de 2014, do xefe de área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES:

Con data 28 de abril de 2014, o Pleno Municipal aprobou a corrección de erros materiais e aritmeticos, na modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, e entre outros aspectos as inversións previstas no ámbito da citada modificación de créditos, atópanse suxeitas o rigorosidade do principio de que tales investimentos deben cumprir co principio de “investimentos que sexan financeiramente sustentables ao longo da súa vida útil.

De acordo co estipulado na Orde EHA/3565/2008, as actuacións contempladas neste proxecto responden os criterios definidos para “inversións reais”, xa que as mesmas correspóndense con gastos destinados maioritariamente a actuacións de rehabilitación e mellora en bens propiedade municipal destinados o desenvolvemento dos servizos deportivos públicos, que figuran no inventario municipal como de titularidade do Concello de Vigo.

Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que presta dito edificio (Estadio Municipal de fútbol de Balaidos), o tempo que se conseguira unha ampliación da súa vida útil, polo cal teñen unha clara identificación con actuación de “investimentos reais”

En relación a obriga que se establece no apartado 2º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, debe ter unha vida útil non inferior a cinco anos, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son obras tanto para a rehabilitación a través de elementos construtivos con unha vida útil en todos os casos maior do limite establecido, entendendo por vida útil a previsión do tempo durante o cal é susceptible de ser utilizado, nas condicións de calidade requiridas, sempre que se observen as instrucións de uso e mantemento, estímase en 15 anos, aínda que estas obras poidan seguir prestando utilidade máis aló do tempo estimado.

En relación a obriga que se establece no apartado 6º da D.A. 16ª do TRLRFL de que a obra proxectada, cumpra cos obxectivos de que a mesma non sexa xeradora de gastos futuros no horizonte da súa vida útil, esta condición cúmprese en relación as actuacións previstas no presente proxecto, xa que as mesmas son actuacións que xustificarán un impacto favorable sobre os orzamentos futuros, xa que neste caso, son investimentos de reposición que van a deferir no tempo, a necesidade de recursos para o seu funcionamento operativo ou de mantemento ordinario, por supor este investimento unha posta ao día do ámbito de actuación, en consecuencia, a actuación definida neste expediente está conformados como un instrumento

xerador de aforro, e en ningún caso, xerará gastos por enriba dos actuais, xa que durante a vida útil dos mesmos (maior de cinco anos) se producirá un equilibrio e redución real dos gastos de mantemento, xa que as actuacións que actualmente se realizan sobre os mesmos, se verán diferidas no tempo.

De acordo co punto 5 da D.A. 16ª do TRLRFL, a iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigas económicas derivadas da inversión executada, se deberá realizar antes da finalización do exercicio de aplicación, polo cal, co obxecto de dar cumprimento a mesma informase que atendendo os prazos máximos de execución das obras contempladas neste expediente para a FASE I, se garante a execución da parte da obra relacionada coa anualidade correspondente o ano 2014 poderá ser executada na súa totalidade dentro do presente ano 2014.

PROXECTOS:

En relación os antecedentes mencionados, o expediente de modificación de créditos orzamentarios, número 01/2014, que se financia con cargo ao superávit orzamentario obtido da liquidación dos estados consolidados correspondentes ao exercicio do 2.012. expediente nº: 2288/440, contempla a actuación incluída neste expediente de acordo cos seguintes datos:

Aplicación	Proxecto	concepto	Importe
9330.6320010	14933010	Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos	1.365.000,00

Segundo decreto de resolución de data 3 de xuño de 2014, no seu punto segundo, delegouse no concelleiro-delegado da Área de Fomento, David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión e seguimento, tramitación e execución dos expedientes conducente ao desenvolvemento da seguinte actuación: "9330.6320010 14933010 Investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos", achégase fotocopia.

Vistos os anteriores antecedentes e tendo en conta a necesidade de contemplar de maneira conxunta cales son as necesidades totais para a reforma integral da grada de Río de Balaidos, solicitouse o estudo da globalidade das necesidades, así como a redacción dos proxectos de execución de obra, en relación a unha primeira fase, a financiar polo crédito dispoñible con cargo o superávit 2012, e unha segunda fase que recolla as actuacións necesarias para completar a reforma integral da Grada de Río, co obxectivo de definir esta necesidade para a súa execución posterior en función da dispoñibilidade futura de novos créditos de inversión.

Estas dúas fases, cumpren coa condición de ser actuacións independentes entre si, polo cal a finalización da primeira fase recolle actuacións que pola súa peculiaridade posibilitará o uso da grada de Río de Balaidos coas melloras realizadas, sendo as mesmas independentes das recollidas na fase 2.

A empresa GALAICONTROL S.L., presenta os proxectos de:

- “OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 1” redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE, de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA MIL EUROS (1.680.000 €), e
- “OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIOS, FASE 2”, redactado pola ENXEÑEIRA DE CAMIÑOS, CANLES E PORTOS TRINIDAD LÓPEZ RODRÍGUEZ, e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, XEFE DA ÁREA DE FOMENTO ÁLVARO CRESPO CASAL, cun orzamento base de licitación máis IVE, DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.560.250,88 €).

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

Os presentes proxectos desenvolven a reforma da cuberta de Río e a consolidación estrutural do Estadio de Balaidos en dúas fases, que basicamente recollen os obxectivos seguintes:

Na fase 1: Reforzo estrutural dos contrafortes exteriores de Grada Río, a substitución da cuberta de Grada Río e o acondicionamento xeral do estadio. A financiación prevista para a execución das obras desta FASE I, será realizada da seguinte maneira:

- 1.344.567,94 € con cargo a aplicación orzamentaria 9330.6320010, investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos, do orzamento do presente exercicio 2014, financiado cos créditos de superavit 2012.

A parte de obra financiada con esta cantidade de 1.344.567,94 € será executada no ano 2014.

- O resto dos créditos para a execución da totalidade da obra que se corresponden coa cantidade de 335.432,06 €, serán con cargo os créditos que deberá recoller o orzamento correspondente ao ano 2015.

Na fase 2: Renovación da fachada de río así como o acondicionamento xeral do estadio coa mellora dos recorridos de evacións e reparacións estruturais no interior do estadio. A

financiación das obras desta FASE II, realizarase con cargo a créditos que deberá recoller o orzamento correspondente ao ano 2015.

O prazo estimado para a execución das obras descritas na FASE I é de CATRO MESES e na FASE II é de SEIS MESES.

Consta no expediente acta de replanteo asinada con data 22 de xullo de 2014, polo arquitecto municipal Juan Luís Piñeiro Ferradás e pola redactora do proxecto, Trinidad López Rodríguez.

Polo que á vista do anteriormente exposto, e tendo en conta os informes do Xefe da Oficina de Supervisión e Proxectos de data 21 de xullo, faise á Xunta de Goberno Local as seguintes:

PROPOSTAS:

1.- *Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL S.L. para as “OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIIDOS, FASE 1” por un importe de UN MILLÓN SEISCENTOS OITENTA MIL EUROS (1.680.000 €), IVE engadido e un prazo de execución de catro meses. A financiación das obras será realizada da seguinte maneira:*

– 1.344.567,94 € con cargo a aplicación orzamentaria 9330.6320010, investimento de mellora e reposición grada de Río Estadio de Balaídos, do orzamento do presente exercicio 2014, financiado cos créditos de superavit 2012.

- O resto dos créditos para a execución da totalidade da obra que se corresponden coa cantidade de 335.432,06 €, serán con cargo os créditos que deberá recoller o orzamento correspondente ao ano 2015.

2.- *Aprobar o proxecto redactado pola empresa GALAICONTROL S.L. para as “OBRAS DE REFORMA CUBIERTA RÍO Y CONSOLIDACIÓN ESTRUCTURAL EN EL ESTADIO DE BALAIIDOS, FASE 2” por un importe de DOUS MILLÓNS CINCOCENTOS SESENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (2.560.250,88 €), IVE engadido e un prazo de execución de seis meses. A financiación das obras desta FASE II, realizarase con cargo a créditos que deberá recoller o orzamento correspondente ao ano 2015.”*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás trece horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

rs/me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.